


SANTIAGO DE COMPOSTELA 25.07.1994, 19,30 HORAS

NO DÍA DE GALICIA DE 1994

por

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente da Xunta de Galicia

Sr. Presidente da República Oriental do Uruguai,
Sr. Presidente do Parlamento de Galicia,
Sr. Delegado do Goberno,
Señorías,
Miñas Donas, meus Señores:



1

Reunímonos unha vez máis en Santiago de Compostela nun Vintecinco de Xullo para celebrar o Día de Galicia institucionalmente e impoñe-las Medallas de Galicia a quenes se fixeron acreedores delas polas súas actuacións a favor do Pobo Galego. Por conseguinte cumprímo-lo rito, dacordo coa tradición establecida, cubrindo os dous obxectivos sinalados.

O primeiro, que consiste en felicitar a tódolos galegos na celebración da nosa máis grande festa cívica, lembrando as ensinanzas daqueles devanceiros a cuxo esforzo debemos o que Galicia ten de grandeza; e en tomar da ocasión novos azos cos que confirma-la fe na realización dos grandes destinos do Pobo Galego.

E o segundo, que consiste en agradecer ós galardoados o moito que fixeron por Galicia; e tamén a aceptación da condecoración.

En este punto debo subrayar mi personal gratitud al Sr. Presidente de la República Oriental del Uruguay, D. Luis Alberto Lacalle, quien a los dichos motivos añade el obsequio de haberme querido honrar, a su vez, con la Orden de la República Oriental del Uruguay.

Se trata de una distinción que recibo con gran satisfacción, no sólo por lo que a mí me enaltece, sino porque honra a Galicia, en cuanto significa una manifestación pública de agradecimiento del Pueblo Uruguayo al Pueblo Gallego por la donación de sus emigrantes. Fue una donación grandiosa. A lo largo de la centuria que transcurre en la segunda mitad del Siglo XIX y la primera del Siglo XX fueron muchos los gallegos y gallegas que emigraron a Montevideo y demás poblaciones uruguayas: se calcula una media anual de dos mil inmigrantes gallegos. Esa riada arroja un saldo total de alrededor de un cuarto de millón de personas que constituían, además, una selección de las más jóvenes, fuertes y emprendedoras. Lo constataba una canción popular que se cantaba en Galicia a comienzos del siglo y decía así:

*Uruguai, boa terra,
boa terra pode ser
que leva a frol de Galicia
e non a deixa volver.*

Recibo esta Condecoración preciosa, Señor Presidente, para ofrecérsela en nome de todos aqueles gallegos a sus parientes y allegados que quedaron aquí privados de ellos, como señal de amistad, solidaridada y compensación del Pueblo Uruguayo para con ellos.

2

Señores Galardoados coas Medallas Galicia 1994 nas súas tres categorías: enhoraboa a todos vostedes pola condecoración que lles acabo de entregar con ledicia e con afecto. Todos a merecen por obras tanxibles e chamativas.

Algúns destacaron no duro campo da creación de riqueza comercial e industrial, potenciando o *desenvolvemento económico* de Galicia. Así o conseguiron D. Enrique López Veiga polo seu magnífico traballo no sector pesqueiro; D. Cándido Velázquez Gaztelu, no da implantación da telefonía rural; D. Luis Carballo, no da industria textil; D. Ángel Hermida, no da fabricación do moble; D. Manuel Ruíz, no da elaboración de cementos; e a *Cooperativa Feiraco*, no da industria láctea.

Outros dos aquí loubados sobresaíron no campo da solidariedade, no cal impulsaron o *desenvolvemento social* de Galicia ata límites admirables. Pois causa admiración o realizado por persoas como D. Heriberto García Seijo (que

gloria haxa) en canto a organización da Administración Autonómica; D. David Fojo e D. Isidoro Guede, en canto á información por prensa periódica; D. Pedro Rivas, en canto á formación profesional dos traballadores da industria automovilística; ou a empresa *Castromil* en canto ó transporte por estrada.

Outros dos homenaxeados triunfaron, en fin, no campo das artes, as ciencias, os deportes ou a ensinanza, coadxuvando eficazísimamente ó *desenvolvemento cultural* de Galicia. Refírome eiquí á fama –moitas veces estendida dende o ámbito nacional tamén ó internacional– conseguida por D. Manuel Novoa (que en paz estea) na fotografía artística; por D. Daniel Barata na conservación do noso patrimonio histórico-cultural; por D. Xulio Ogando, na historiografía da xurisprudencia galega clásica; por D. Xosé Manuel Rey de Viana, no *ballet*; por D. Ramón Blanco, no deporte do montañismo; por D. Olegario de Saa, na pedagogía da lingua galega; por D. Xeranio Torreiro na promoción da música céltica; pola empresa *Reconquista del Teatro Avenida* de Buenos Aires, na representación teatral; e pola empresa do *Restaurante Las Rías Gallegas* (de Miami) na gastronomía e o turismo.

Todos merecedes a condecoración coa que o voso Pobo vos honra hoxe. Así pois, recibidea e lucidea con orgullo. Porque representa un premio por tantos beneficios como xa prestachedes a Galicia. E porque representa asímesmo un augurio dos beneficios que lle seguiredes prestando, permitíndoo Deus.

3

Quiero referirme de un modo especial al Presidente de la República Oriental de Uruguay, D. Luis Alberto Lacalle, que hoy nos acompaña, haciéndonos un gran honor.

D. Luis Alberto Lacalle, nieto del gran político nacionalista D. Luis Alberto de Herrera, es una de las grandes figuras de la política iberoamericana actual. Ha sido siempre un comunicador incansable de sus ideas democráticas en la televisión, la radio y la prensa periódica.

Fue Representante Nacional y Senador durante varias legislaturas, desempeñando numerosas embajadas de su país en conferencias y organismos internacionales y fue elegido Presidente de la República en 1989. Inició su mandato en marzo siguiente y está realizando una importante actividad internacional, no sólo bilateral, sino también en organismos como Naciones Unidas, UNESCO, UNICEF, Organización de Estados Americanos, Mecanismos Permanentes de Consulta y Concertación Política llamado Grupo de Río, Mercado Común del Sur, Cumbres de Jefes de Estado del Cono Sur y Cumbres Iberoamericanas de Jefes de Estado.

Persuadido, como yo, de que el progreso económico y social de cualquier país es una función de la cooperación internacional —máxime, si es de mediana extensión— el Presidente Lacalle Herrera ha visitado con misiones económicas y financieras casi todos los países del mundo y también ha recibido misiones de ellos de la misma naturaleza.

Yo tuve el honor de ser recibido por él en noviembre de 1990 en Montevideo, *la ciudad que se oye como un verso*, que dijo Jorge Luis Borges. La amplia representación comercial y cultural gallega que me acompañó a Montevideo tuvo ocasión de afianzar las relaciones entre Uruguay y Galicia con beneficio mutuo de ambas, y muy concretamente de la amplia comunidad gallega establecida en suelo uruguayo.

En 1992 el Presidente Lacalle Herrera estuvo en Galicia y su visita contribuyó a consolidar esas relaciones.

Todavía en Febrero del año que corre estuve de nuevo en Uruguay, en compañía de un amplio grupo de emprendedores empresarios gallegos, coordinados por la Cámara de Comercio, Industria y Navegación de Santiago de Compostela. De nuevo tuvimos el honor de ser recibidos generosamente por el Sr. Presidente, que apoyó con entusiasmo sus iniciativas.

La Medalla de Oro de Galicia que hoy le imponemos al Presidente Lacalle Herrera quiere premiar todos esos esfuerzos en pro de los derechos humanos, la democracia y el desarrollo, de los que se han beneficiado específicamente los gallegos residentes en Uruguay y los uruguayos residentes en Galicia. E incluye también una invitación al Sr. Presidente de la República Oriental del Uruguay para que siga acogiendo con especial afecto a todos nuestros paisanos de allá.

Hoxe celebramos o Día de Galicia. O Día de Galicia é un día de festa que Castelao caracterizou en *Alba de Gloria* de forma entrañable como "a festa maior de Galicia" e como "a festa de tódolos galegos". É, por suposto, un día de festa pública, ou sexa, de sonora expansión nas rúas e de diversión xeral.

O Día de Galicia é, dende tal perspectiva externa, un día completo que –digámolo de novo con Castelao – iniciase cunha rosada "alba de gloria", madúrase nun cénit "embandeirado de azul e branco" e culmina nun serán de "músicas, gaitas, pandeiros, aturuxos e foguetes".

O Día de Galicia é, asimesmo, "xornada de xúbilo hora a hora e minuto a minuto", efeméride de "repique matutino de campás" e acontecemento de "mitin de arengas". Sí, tamén según Castelao de "mitin de arengas": e neso estamos, cumprindo un deses mandatos testamentarios que non se poden aceptar a beneficio de inventario.

Tamén é o Día de Galicia, sen embargo, xornada na que hai que conceder un discreto espacio á reflexión, para que a

diversión non destruya esa racionalidade que suministra as condicións mínimas da coexistencia placenteira. Non hai festa auténtica, en verdade, se os que se alegran nela non son conscientes de que a súa leducia ten un fundamento consistente e sólido. Bó será, por tanto, tomar conciencia de que a nosa leducia de hoxe está ben fundamentada: así no que significa na substancia e intemporalmente; coma no que significa nas concretas circunstancias que experimentamos hoxe.

5

O Día de Galicia ten unha profunda e emotiva significación substancial.

Os galegos das *Irmandades da Fala*, que ó suscitaron o ano 1920 e que en anos subseguintes reflexioaron moito sobre o significado da celebración, propuxeron plurales ideas –non sempre compatibles entre elas– sobor do sentido que debía darse á festa que promovían. O mesmo Castelao non tivo claro o asunto ata 1948 cando abandonou algunhas delas e fixo a boa síntese en *Alba de Gloria*. Esta peza oratoria, que é quizais a millor de cantas produxo, non foi o produto dunha inspiración súbita, senón dunha larga reflexión, como conta o propio autor:

"Consumín un bocado de tempo –escribe– a cavilar sobor da significación que para nós ten o Día do Apóstolo,

convertido en Día de Galicia por se-la millor afirmación do noso universalismo; pois sendo tan galega esta festividade non caben os seus motivos no estreito marco dunha soia patria" .

Este último Castelao reflexivo e maduro conxuntou as plurales hipóteses baralladas ata entón sobre o significado do Día de Galicia e defendeu que o mesmo ten un triple carácter, relixioso, patriótico e civil :

"O seu carácter relixioso provén do misticismo cabaleiresco da Idade Media, francamente europeo, atlántico e occidental.

"O seu carácter patriótico dimana da ofensiva oito veces secular, iniciada en Galicia contra o Islam.

"E o seu carácter civil provén da confluencia dos camiños de Europa en Compostela e da irradiación do xenio de Galicia a través deses mesmos camiños".

Xa nos nosos días, o Prof. Cores Trasmonte sintetizou a hermenéutica desta solemnidade escribindo que *"o Día de Galicia é unha festa xeral, institucionalizada como tal en momentos en que os valores diferenciais non son obstaculizados", e na cal, "maniféstanse os lazos de Galicia como comunidade, como cultura e como forma de vida compartida polos galegos"⁸.*

Estas consideracións permítennos discernir con exactitude o fundamento profundo que lle da sentido á festa que hoxe celebramos e comprende-la exterioridade da celebración dende a interioridade do pensamento. Pois é claro que ningunha desas dúas dimensións débese esquencer si se quere ter unha percepción completa do significado destes ritos.

6

Pero aparte deses fundamentos abstractos ¿ten esta festa en 1994 outros fundamentos máis próximos e concretos? ¿Hai algo que celebrar, na nosa circunstancia, ademáis da comunión coas profundas aspiracións dos nosos devanceiros?

Sí que o hai: a consecución dalgunhas e quizais de moitas das máis areladas aspiracións colectivas que abandeiraron os nosos avos. Eso precisamente é o que debemos celebrar.

E nese terreo, miñas donas, meus señores, temos de qué aledarnos. En efecto, temos que regocixarnos de moitas cousas que se resumen nunha: que *avanzamos na construción dunha Galicia millor cá que recibimos*.

Tal cousa é o que temos que festexar hoxe en Galicia, segundo o mandato dos que nola entregaron e co seu mesmo talante; ou sexa, felices e tamén un pouco tristes á vez; gozosos de haber conseguido algo; e apesarados de non ter conseguido máis todavía, como desexaban.

A contradicción é connatural á existencia humán e permite que ambas cousas, gozos e sombras, vaian xuntas.

Pero, aínda que sen esquence—las sombras, hoxe é día para festexa—los gozos.

7

Fai agora dez anos —pois iso ocurría por estas datas de 1984— fixo Ramón Piñeiro eiquí en Santiago unha constatación e unha profecía, diante duns adolescentes que, previsores, a consignaron na súa humilde revista colexial, permitíndonos agora recuperala a nós.

"A Galicia galega —aseverou Piñeiro— é moito maior hoxe que hai cuarenta anos... Evidentemente —engadíu de inmediato o filósofo— que aínda falta moito (por facer) porque Galicia estaba moi desfeita, moi desintegrada" ...

"Pero eu creo que en dez anos Galicia será plenamente galega" , profetizou finalmente Ramón Piñeiro.

Ben, estamos en 1994, transcurriron os dez anos calculados polo inolvidable amigo e podemos comprobar eiquí —como el o está a facer no ceo— que a súa profecía cumpliuse e que os feitos mostran paladinamente que *Galicia é xa plenamente galega.*

A nosa lingua está en avanzado proceso de normalización institucional e social. A emplean todos e sen que ninguén se sinta coaccionado a facelo. E coexiste naturalmente có castelán

que tamén o falan todos. Aproveitámonos así dun bilingüismo aceptado e usual, que acredita a existencia da liberdade coa proba infalible do pluralismo.

A bandeira, o escudo, o himno e tódolos nosos signos externos, están recuperados e normalizados. E tamén o Día de Galicia: esta díada que anualmente volve a soldar a unión firme da *terra galega co pobo galego*; e a unión de toda-las súas comarcas entre elas; e a unión de tódalas súas clases sociais entre sí.

Galicia posue tódalas institucións dun Pobo que legisla, executa e xulga para sí e por sí; ou sexa, que rixe seus propios destinos. Ten Parlamento, Xunta e Tribunal Superior; Televisión, Radio e Prensa; Servicios, Consellos e Institutos; Universidades, Academias e Fundacións; Sindicatos, Partidos e toda sorte de Asociacións públicas e privadas. Todo ise entramado institucional funciona a pleno rendimento demostrando que non somos unha Rexión sen Estado, senón unha Rexión con Estado, cuxo Estado se chama Autonomía.

Galicia conta á altura de 1994 con representacións e portavocías dignas en Madrid e Bruselas, que son os dous grandes centros de decisión do noso entorno occidental. E a nosa opinión e a nosa voz escoitase con respecto e interés en tódalas instancias nacionais e internacionais.

Todo iso fundamenta a nosa ledicia no Día de Galicia de 1994.

8

Ás veces pode pasar desapercibido parte diso ou todo iso, porque gústanos compararnos con outros pobos que son máis, ou poden máis, ou están por diante de nós en calquera lista.

Facemos ben en mirar a quenes nos aventaxan, para nosa emulación e estímulo; porque, si só miráramos ós que nos seguen, poderíamos durmirmos na autocomplacencia: e non podemos incurrir no erro de só mirar ós que estean pior que nós, para consolarnos tontamente das nosas carencias.

Pero tampouco non debemos esquecer que efectivamente hai bastantes en piores condicións que nós. Pois o certo é que outras Comunidades Autónomas Españolas e outras Rexións Europeas que cando comezou a etapa autonómica, entre 1978 e 1981, estaban á par ou diante nosa, hoxe, pasados nada máis que tres lustros dende entón, empezan xa a estar detrás de nós e aínda a seguir os nosos pasos, copiando algunhas das nosas disposicións ou invencións de resolución de problemas.

Así pois, neste Día de Galicia temos que celebrar, non só que Galicia disfrute dunha autonomía política plena dentro do Reino de España e da Unión Europea, senón tamén que Galicia estea reconstruíndose a marchas forzadas –facendo un uso intelixente da autonomía, que é un instrumento imprescindible do seu progreso, pero non máis que un instrumento del–.

9

O Pobo Galego está realmente queimando etapas na consecución dun elevado desenvolvemento económico e social, como o amosa o feito de que estean en fase de execución avanzada –e en moitos casos en fase conclusiva– infraestructuras tan notables como as autoestradas de acceso á meseta; o plan de estradas interiores; a universalización do servizo telefónico; a electrificación rural; a concentración parcelaria; o saneamento do gando; a depuración das rías; o desenrolo da acuicultura; a construción de parques empresariais; a expansión do turismo; a repristinación do Camiño Xacobeo; a organización da cooperación transfronteiriza; a repoboación forestal; e tantas cousas máis. ¡Todas elas merecen celebración unha vez ó ano!

¡Cómo non ímonos alegrar siquiera un día ó ano de que a paisaxe galega reverdezca por doquier coa vexetación que sempre rebordeou as súas vías e de que éstas sexan moitas máis, e millor trazadas, e máis seguras!

¡Cómo non ímonos felicitar siquiera un día ó ano de ver xurdir sobre o solo de Galicia ducias de campos de deportes, de estadios multiusos, de auditorios, de casas de cultura, de museus, de teatros e de pazos de congresos!

¡Cómo poderíamos ser insensibles ante a aparición de tantos homes e mulleres premiados por organismos públicos e privados, nosos e exteriores, polos éxitos que acadan en tódolos campos da economía, o dereito, a medicina, a bioloxía, a tecnoloxía, as artes e os deportes!

¡Cómo non exultar de gozo vendo cómo –entre nós, outrora tan proclives á autocrítica enervante– prende a autoidentificación, e a autoestima, e a fachenda de ser galegos!

10

Temos dereito a facelo e aínda se podería dicir que non temos dereito a non facelo. Por iso facemos hoxe festa limpa e sinxela... Pero esta festa de toda Galicia é só un paréntese co que recobramos enerxías para volver a empezar o traballo pendente, que é moito.

Sí, é moito o que falta por facer. Digoo porque non intento pintar Galicia como unha Arcadia feliz, pero inexistente. Ben sei que non está todo feito: Por iso sigo traballando convosco, cando xa podía estar disfrutando dun ocio ben merecido... ¿Qué insensato podería pensar ou dicir que eiquí xa non queda nada por facer? Na mesma conversa con Ramón Piñeiro antes referida, advertía este admirado amigo do moito que había por facer, do enorme déficit histórico que tiñamos que asumir. Pero facíao dando testemuña de que iso non lle asustaba: ¡porque tiña fe en que o podíamos remontar todo se dispoñíamos, como dispoñemos, dos nosos propios destinos nas nosas mans!

Outra cousa máis débese ter en conta para animarse a traballar sen desmaio. Trátase de que, deudas históricas aparte, é o certo que cada día ten o seu afán, e que os días que nos tocaron veñen sobrecargados de problemas. E os que se aveciñan, máis aínda. É unha evidencia para os máis lúcidos pensadores do momento histórico que nas próximas décadas vanse suscitar exixencias tan grandes e complexas nas

sociedades occidentais que apenas hai precedentes do fenómeno, nin no seu diagnóstico, nin na súa terapéutica. Temos que afrontar ben preparados eses retos para no seguir acumulando déficit histórico sobre o lombo dos nosos sucesores.

Así é que, tomemos eiquí hoxe impulso da rememoración dun pasado que foi moitas veces brillantísimo e lancémonos incontenibles á conquista do futuro. Teñamos fe en Galicia. Se nos propoñemos levala máis lexos do que endexamais foi, o conseguiremos co esforzo de todos. Por favor, no llo regateedes.

Tamén é preciso que nos asista un pouco a axuda divina. Así soliciteillelo hoxe mesmo, no nome do Rei de España e no nome de tódolos galegos e os españois, ó Patrón Santiago, o noso celestial avogado. Que non vos falte a fe en El.

11

Y con estos buenos augurios vuelvo a felicitar la fiesta de hoy cordialmente a todos los gallegos y a los amigos y huéspedes que la celebran con nosotros. —

Felicidades, Sr. Presidente de la República Oriental del Uruguay y séquito que os acompaña.

Felicidades copiosas para todos los gallegos que viven en Santiago y también los que se reparten por las siete Provincias del Reino; para los gallegos que ahora pisen el macizo galaico-duriense que nos sostiene y para los que estén

navegando o asentados por otras tierras, mares o cielos de los dos hemisferios.

El Día de Galicia les manda un abrazo a todos y especialmente a los ausentes, que no es casual que el Día de Galicia y el Día de los Emigrantes gallegos se hayan celebrado muchas veces acoplados. Vaya nuestro abrazo, pues, a los que estén disfrutando como turistas del ocio, en algún remoto rincón del planeta puesto que *"na moita distancia agrándase o prodixio da patria"* .

El abrazo fraternal del Día de Galicia nos ciñe a todos, pero aprieta con predilección a los emigrados, a los que estén trabajando por cualquier lugar de los cinco continentes, puesto que *"en tal día coma éste reviven as súas lembranzas acumuladas"* . Que sepan que estamos con ellos y que hacemos y haremos por ellos todo lo posible.

Dixen.